

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006377	CEIP Álvarez Limeses	Pontevedra	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	6
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	9
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	10
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	10
o) Outros apartados	11

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

A finalidade da educación infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

1. Para os efectos deste decreto ( 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia), as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática y competencia en ciencia, tecnología e ingeniería (STEM).
- d) Competencia digital (CD).
- e) Competencia personal, social y de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadana (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia y expresión culturales (CCEC).

2. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Tendo en conta o recollido na lei:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

2. A consellería competente en materia educativa fomentará a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Así mesmo, a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

4. Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

5. No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Establecemos como criterios para incorporar elementos transversais:

- En tódalas áreas e niveis farase un tratamento específico da comprensión lectora, a expresión oral e escrita. Dito tratamento verase reflectido nas actividades e tarefas que teñan como eixe a búsqueda, tratamento e exposición de información, como acontece nos proxectos documentais integrados. Deste xeito traballaranse as competencias clave.

- Fomentaranse a realización de actividades encamiñadas a lograr a plena inclusión do alumnado NEAE. Ademais en todas as tarefas e actividades contemplarase dita inclusión levando a cabo as adaptacións necesarias.

- A igualdade é un valor fundamental na nosa sociedade e como tal será promovido en todas as actividades do centro e da comunidade educativa. O centro conta cun plan de igualdade no que se fai unha análise da nosa contorna sobre a igualdade, a violencia de xénero e a LGTBIQ+ fobia en base ao cal se propoñen distintas actividades que se levarán a cabo ao longo do curso, en datas de especial tratamento (25 de novembro, 8 de marzo e 28 de xuño...). co fin de mellorar a convivencia e previr condutas que non fomenten esta igualdade. É fundamental levar o principio de igualdade ao día a día da nosa comunidade.

- Desde o centro a través do traballo competencial lévanse a cabo actividades e tarefas que contemplen o pensamento crítico, alternativo e diverxente como base para fomentar a creatividade e o espírito emprendedor.

- Ademais do contemplado nos currículos de diferentes áreas tanto como contidos, actividades ou tarefas, levaranse a cabo actividades en colaboración con entidades públicas (Concello de Pontevedra) ou privadas para fomentar e asentar condutas cívicas e de respecto polas normas e os sinais, como base para favorecer a convivencia cidadá e evitar situacións de perigo e risco para as persoas.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

No caso de Educación Primaria, teremos en conta, o recollido na lei educativa.

1. Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

2. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

3. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

6. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

7. Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

8. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

9. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretarase as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Para o caso da etapa de Educación Infantil:

A agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada área non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnas e alumnos aos que van dirixidos.

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Para a selección dos materiais e recursos didácticos seguiranse os seguintes criterios:

- Adecuación do material: contemplarase a adecuación á idade do alumnado e á tarefa a realizar, así como aos valores que transmite o seu uso que deben ser acordos cos do centro (igualdade entre homes e mulleres, integrador, seguro....)
- Adecuación do material á lexislación vixente: como criterio fundamental na elección de textos e material de aula será a adecuación á lexislación vixente.
- Adecuación ao contexto socio económico e familiar da comunidade educativa.
- Seguridade. Este principio será contemplado especialmente no uso de recursos dixitais.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

A oferta educativa do noso centro abarca o Segundo ciclo de Educación Infantil e toda a Educación Primaria. A única optatividade que temos agora mesmo, é a elección entre a área de Relixión Católica ou Proxecto Competencial.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Os criterios para o deseño das actividades complementarias son os que siguen:

- 1- As actividades complementarias deben contribuir ao desenvolvemento do currículo escolar. É importante para elo, ter en conta a Memoria do curso anterior para saber que actividades se realizaron en cada curso e o grado de satisfacción das mesmas.
- 2- Intentarase distribuír a súa realización ao longo dos tres trimestres, evitando que se acumulen en períodos concretos ou con outras actividades.
- 3- Informarase á Xefatura de Estudos polo menos cunha semana de antelación, para poder reorganizar os horarios do profesorado ou do alumnado si fixera falta, do xeito máis adecuado para o bo funcionamento do centro.
- 4- As actividades complementarias deberán permitir o acceso e participación de todo o alumnado con especial garantía dos principios de igualdade e inclusión.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Relacionados co centro:

1. Mellorar os procesos de ensinanza do profesorado do centro no que se refire á planificación, coordinación e avaliación das medidas de atención á diversidade adecuadas a situación do alumnado.
2. Mellorar os procesos de avaliación do alumnado (avaliación inicial, trimestral e final), adecuando os instrumentos de avaliación ao alumnado, ao criterio e contido a avaliar.
3. Optimizar a organización do centro, co fin de atender á diversidade do alumnado de xeito ordinario, polo que o Equipo de Orientación terá que planificar, coordinar e avaliar medidas de atención ás necesidades de todo alumnado.
4. Poñer en marcha o reforzo da ensinanza das áreas instrumentais (lingua castelán, lingua galega e matemáticas) así como das competencias clave tendo como referente os indicadores de logro.
5. Ampliar e incrementar a oferta das actividades dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, buscando a adecuación ás súas necesidades e nivel de competencia curricular.
6. Reforzar a comunicación coas familias para favorecer a adquisición de hábitos básicos de traballo.

Relacionados co alumnado:

1. Adquirir os contidos imprescindibles para o desenvolvemento das competencias clave.
2. Potenciar o aprendizaxe e o rendemento escolar destes alumnos mediante:
  - a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
  - fomentar os estudos e hábitos de traballo que sexan eficaces.
  - mellorar nas habilidades e nas actitudes asociadas á lectura e á escritura.
  - buscar agrupamentos e organización de aula que favoreza a integración e mellora da competencia curricular.
3. Mellorar a integración social dos alumnos no grupo e no centro.
4. Facilitar a transición dun ciclo a outro.
5. Favorecer a integración do alumnado inmigrante, colaborando na aprendizaxe do idioma e no desenvolvemento de programas interculturais.
- 6- Propiciar nos alumnos unha actitude positiva e activa hacia o aprendizaxe
- 7- Reforzar a autoestima personal, escolar e social do alumnado.
8. Facilitar ao alumnado o logro de aprendizaxes constructivos e significativos mellorando seus procesos de aprendizaxe.
- 9- Ao inicio de curso o profesorado con alumnado con asignaturas pendentes levará a cabo reunións co profesorado titor de dito alumnado no curso anterior para diseñar un plan de recuperación de materias pendentes.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Relacionados co centro:

1. Mellorar os procesos de ensinanza do profesorado do centro no que se refire á planificación, coordinación e avaliación das medidas de atención á diversidade adecuadas a situación do alumnado.
2. Mellorar os procesos de avaliación do alumnado (avaliación inicial, trimestral e final), adecuando os instrumentos de avaliación ao alumnado, ao criterio e contido a avaliar.
3. Optimizar a organización do centro, co fin de atender á diversidade do alumnado de xeito ordinario, polo que o Equipo de Orientación terá que planificar, coordinar e avaliar medidas de atención ás necesidades de todo alumnado.
4. Poñer en marcha o reforzo da ensinanza das áreas instrumentais (lingua castelán, lingua galega e matemáticas) así como das competencias clave tendo como referente os indicadores de logro.
5. Ampliar e incrementar a oferta das actividades dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, buscando a adecuación ás súas necesidades e nivel de competencia curricular.
6. Reforzar a comunicación coas familias para favorecer a adquisición de hábitos básicos de traballo.

Relacionados co alumnado:

1. Adquirir os contidos imprescindibles para o desenvolvemento das competencias clave.
2. Potenciar o aprendizaxe e o rendemento escolar destes alumnos mediante:
  - a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
  - fomentar os estudo e hábitos de traballo que sexan eficaces.
  - mellorar nas habilidades e nas actitudes asociadas á lectura e á escritura.
  - buscar agrupamentos e organización de aula que favoreza a integración e mellora da competencia curricular.
3. Mellorar a integración social dos alumnos no grupo e no centro.
4. Fomentar dende o Plan de Acción Titorial, a inclusión do alumno no novo grupo.
5. Favorecer a integración do alumnado inmigrante, colaborando na aprendizaxe do idioma e no desenvolvemento de programas interculturais.
- 6- Propiciar nos alumnos unha actitude positiva e activa hacia o aprendizaxe
- 7- Reforzar a autoestima personal, escolar e social do alumnado.
8. Facilitar ao alumnado o logro de aprendizaxes constructivos e significativos mellorando seus procesos de aprendizaxe.
9. Ao inicio do curso o profesorado con alumnado repetidor levará a cabo reunións co profesorado titor de dito alumnado no curso anterior para deseñar un plan específico de reforzo educativo.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Para a avaliación do alumnado teremos en conta:

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I, II e III do decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Especialmente o anexo II de dicto decreto no que se establecen os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro. Tamén será referente o contido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

É preciso sinalar que os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado estará encamiñada a á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo. Será continua, global e formativa, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.
3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación diagnóstica do cuarto curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Por tanto se promoverá o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración



obxectiva de todo o alumnado.

4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. Todas as áreas do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, na medida en que, de conformidade co anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada área están relacionados univocamente cos obxectivos da dita área, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

6. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

7. Cada trimestre se levará a cabo unha reunión/sesión de avaliación na que estará integrado o equipo docente de cada grupo para analizar o proceso de aprendizaxe do alumnado, e tomar as decisións que sexan necesarias. Este equipo docente estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das áreas ou ámbitos que curse o alumnado do dito grupo. Tamén se realizará unha sesión de avaliación inicial, durante o primeiro mes do curso, así como unha avaliación final, que coincidirá coa do terceiro trimestre.

Cada sesión de avaliación será coordinada pola persoa titor/a, e nela se analizará a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa do alumnado. O profesorado especialista en pedagogía terapéutica, en audición e linguaxe, así como outro profesorado que realice funcións de apoio, asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto. Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo. As decisións adoptadas polo equipo docente, que se acordarán de forma colexiada, irán referidas á promoción, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

8. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

9. Os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o cuarto curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

10. Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I, II e III do decreto.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a titoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

11. Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

12. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine. En relación cos centros docentes concertados atenderase á normativa reguladora do concerto correspondente.

13. En relación coas calificacións deberase ter en conta que se considerarán os decimais entre 00 centésimas e 49 centésimas como parte da unidade actual e entre 50 e 99 centésimas como unidade superior, a efectos da calificación trimestral en tódalas áreas.



14. Aplicarase o mesmo criterio para a obtención da calificación final de xeito que tras obter a media das calificacións dos tres trimestres entre 00 centésimas e 49 centésimas computarase a unidade actual e entre 50 e 99 centésimas computarase a unidade seguinte.

Para a Promoción:

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. A decisión de permanencia no mesmo curso só se poderá adoptar unha vez durante a etapa, oída a familia ou as persoas titoras legais. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os paos necesarios, que o centro poda aportar, para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións de diagnóstico de cuarto curso de educación primaria e final de educación primaria.

En relación coa avaliación de diagnóstico de cuarto curso dicir que esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Para a avaliación do profesorado teremos en conta:

A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que tratarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

- a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- b) A metodoloxía empregada.
- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- d) As medidas de atención á diversidade.
- e) O clima de traballo na aula.
- f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Finalmente, no que fai referencia aos procesos de revisión e reclamación, terase en conta o establecido na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, sección terceira, artigos 30,31,32,33 e 34.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Tendo en conta o recollido na lei:

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área e que demostren un rendemento académico excelente, cuxo outorgamento corresponderá á consellería con competencias en materia de educación.

Para a obtención de dita mención, o equipo de profesorado terá que propoñer ao alumnado que cumpla esas características e recollelo así, na Acta de Avaliación e non se poderán otorgar máis do 20% sobre o alumnado matriculado en 6º curso de Educación Primaria.

## **I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Elaboración:

Seguirase o esquema que figura na aplicación PROENS para a elaboración das programacións didácticas. As programacións realizaranse por nivel, non por aula, polo que ao ser un centro de liña dúas, e polo tanto contar con dúas aulas por nivel, faise imprescindible a coordinación entre o profesorado titor de ambas aulas para a realización de ditas programacións. Esta colaboración estenderase nos ámbitos nos que sexa necesario ao profesorado especialista.

Avaliación das programacións didácticas:

Farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado de nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica. O remate de cada avaliación utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente, as respostas aas seguintes cuestións (que se valorarán entre un e cinco) os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a programación. As conclusións quedarán recollidas nas actas de reunións de ciclo.

Terase en conta os seguintes criterios:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.
- Adecuación da secuenciación dos indicadores para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- Adecuación da secuencia do traballo na aula.
- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos indicadores.
- Adecuación das probas escritas tendo en conta o valor de cada indicador.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación,... vinculados aos indicadores.
- Adecuación das medidas específicas de atención á diversidade e ao alumnado NEAE.
- A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- A metodoloxía empregada.
- A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- O clima de traballo na aula.
- A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

## **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Seguiranse os seguintes criterios:

- 1º Adecuación dos proxectos, plans e programas ao proxecto de dirección, proxecto educativo de centro e concreción curricular para a súa inclusión na programación xeral.
- 2º Adecuación a situación económica e sociofamiliar da comunidade educativa.
3. Que favorezan e permitan a súa inclusión nas programacións de aula e na programación xeral do centro.
- 4º Disponibilidade de profesorado que xestione e coordine ditos programas.
- 5º Ditos programas deben ser respectuosos e favorecer os principios de igualdade e inclusión.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Trimestralmente farase unha reunión de ciclo para ir analizando os puntos e adecuación dos mesmos coas programacións didácticas do centro e ao finalizar cada curso académico, recollerase na memoria final, aqueles aspectos que sexan relevantes para modificar na concreción curricular dos vindeiros cursos.

## **o) Outros apartados**

### **1. Disposición 1**

No se establece ningunha outro apartado a engadir.